

VOLVEMOS Á CATEQUESE 2020-21



Catequese parroquial



Catequesis de Galicia

ORIENTACIÓNS E PROTOCOLO PARA AS PARROQUIAS

Estamos ao comezo dun novo curso catequético. As circunstancias actuais, a consecuencia da pandemia que estamos sufrindo, esixennos tomar medidas para garantir a seguridade sanitaria.



Desde o Equipo de Catequese de Galicia séguese apostando por unha catequese presencial e comunitaria para o proceso de iniciación cristiá de nenos/as, adolescentes e mozos/as (0-16 anos), sempre que se poida realizar con seguridade; xa que o ámbito comunitario da parroquia segue a ser o lugar privilexiado para o desenvolvemento e a realización do proceso educativo e iniciático na fe (Cf. Directorio para la catequesis, nº 299).

Ademais, para o novo curso que se inicia, quérese potenciar a rica experiencia vivida da “catequese familiar na casa”. Sobre este aspecto ofrécense unha serie de orientacións que serán válidas ao longo de todo o curso catequético, e que serán imprescindibles en caso de que non poida realizarse a catequese presencial na parroquia.

Finalmente, convén ter presente a importancia do uso das novas tecnoloxías dixitais e dos medios telemáticos para complementar a catequese, e/ou realizala nas situacións nas que non sexa posible facelo na comunidade parroquial.

PROTOCOLO PARA PÁRROCOS

1. **Reúne** aos catequistas para estudar como afrontar a nova situación.
2. **Fixa** o prazo de inscrición, recordando que esta pode realizarse por medios dixitais.
3. **Reúne** ás familias. Na medida do posible, concreta xa as datas das celebracións sacramentais.



4. **Distribúe** o material necesario para a catequese (Catecismo, materiais complementarios...).
5. **Busca** espazos onde poder desenvolver as sesións de catequese garantindo as medidas de sanidade e hixiene.



6. **Organiza** os grupos de catequizandos lembrando que estes han ser grupos pequenos e estables ao longo de todo o curso catequético. Procura manter os “grupos de convivencia estable escolar” ou “grupos burbulla”.
7. **Proponte** a posibilidade de aumentar o número de grupos e/ou o número de días destinados á catequese, así como a incorporación de novos catequistas
8. **Crea** un grupo de WhatsApp cos catequistas, que sirva de medio de comunicación e envío de materiais.

PROTOCOLO PARA CATEQUISTAS



1. **Ofrece** a túa valiosa dispoñibilidade coa parroquia e co párroco para ir dando resposta ás necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso catequético.

2. **Colabora** co teu párroco na procura e adaptación de espazos, e na constitución dos grupos de catequese segundo as condicións vixentes.

3. **Asegúrate** de que todos os catequizandos dispoñen do material necesario para a catequese (Catecismo, materiais complementarios...).

4. **Crea** un grupo de WhatsApp exclusivo dos pais dos nenos que participan nas túas sesións de catequese, contando coa súa autorización.




5. Antes e despois das sesións de catequese, **garante** o cumprimento das medidas de sanidade e hixiene (entradas e saídas graduadas evitando aglomeracións; limitación do acceso aos lugares de catequese a persoas alleas a elas; ventilación e hixienización; sentidos únicos de circulación polos corredores...).

6. Durante as sesións de catequese, **coida o cumprimento** das medidas de sanidade e hixiene (uso de máscaras e de xel hidroalcohólico; distanciamento interpersoal; asignación de sitios fixos aos catequizandos; non intercambio dos materiais destinados á catequese entre os catequizandos nin sentar no chan...).

7. **Consulta** a páxina web do Equipo de Catequese de Galicia (www.catequesisdegalicia.com) e apúntate á rede de catequistas para acceder a distintos materiais de catequese.

PROTOCOLO PARA FAMILIAS

1. **Inscribide** ao voso fillo/a. Non esqueza- des facilitar e autorizar o uso do teléfono móbil e do correo electrónico.
2. **Asistide** ás reunións nas que se vos con- voque.
3. **Adquiride** o material nece- sario para a catequese (Cate- cismo, materiais complemen- tarios...).
4. **Asegurádevos** de que fostes engadidos ao grupo de WhatsApp que se poida constituír desde a parroquia.



CORONAVIRUS



5. 5. Antes de cada sesión de catequese, **confir- made** que o voso fillo/a non presenta síntomas vinculados ao COVID-19 nin estivo en contacto directo con persoas que si os presenten; que leva a máscara facial posta e outra de reposto; que leva o material necesario para poder desenvol- ver a sesión de catequese (Catecismo, materiais complementarios, libreta, bolígrafo...), recor- dando que é de uso persoal.

6. **Sede responsables** e puntuais cos horarios de entrada e de saída para evitar aglomeracións.

7. **Evitade** acceder aos espazos reservados para as sesións de catequese.

8. Para estar informados, **consultade** a páxina web do Equipo de Catequese de Galicia (www.catequesisdegalicia.com), así como as redes sociais de que dispoña a parroquia.



9. 9. En caso de dúbida, **preguntade** ao voso pá- rroco e aos catequistas.